

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019****SARXENTO EXTINCIÓN DE INCENDIOS****ANUNCIO PREVIO Á REALIZACIÓN DA 1ª PROBA:
09/09/2021 ÁS 12.30 HORAS- FRONTÓN CUBERTO DO COMPLEXO DEPORTIVO AS
TRAVESAS DE VIGO****ACCESO E CHAMAMENTO ÚNICO:**

1. O primeiro exercicio correspondente ao proceso selectivo para a cobertura por promoción interna de 5 prazas de sarxento de extinción de incendios celebrarase o vindeiro xoves **9 de setembro, ás 12.30 horas no Frontón cuberto do Complexo Deportivo As Travesas de Vigo.**

Cada opositor/a ten asignado un número que se corresponde co da primeira columna do listado da lista de admitidos/as definitivamente. Comprobe cal é o seu número e memoríceo ou apúnteo.

O acceso se realizara pola porta A ao Frontón cuberto.

DNI E BOLÍGRAFO:

Deberá comparecer para a realización deste primeiro exercicio provisto/a do seu DNI e co seu propio bolígrafo.

Ensinará o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso.

XEL HIDROALCOHÓLICO E MÁSCARA NO MOMENTO DO ACCESO:

No momento do acceso indícaráselle ao/á participante que lave as mans con solución hidroalcohólica. A cada aspirante lle será facilitada unha máscara cirúrxica que deberá substituír pola que leva posta. Desta forma se garante que todas as máscaras utilizadas son conformes á normativa e cumpren os valores requiridos de BFE. Se quere conservar a que leva posta deberá ter previsto como gardala para non atrasar o chamamento.

PROHIBICIÓN DE DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS ENCENDIDOS/CONECTADOS DURANTE A REALIZACIÓN DO EXERCICIO:

Infórmase aos/ás aspirantes que durante a realización do primeiro exercicio, todos os **dispositivos electrónicos** (teléfonos móbiles, smartwatches, tablets, etc.) terán que estar **totalmente apagados/desconectados.**

XUSTIFICANTES DE ASISTENCIA:

O certificado de asistencia, será entregado a finalización de exercicio.

OUTRAS NORMAS:

Reitéranse as demais medidas de protección fronte ao contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas no anuncio publicado o 30/08/2021.

ASINADO : A SECRETARIA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN: Carmen Pintado Garcia



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/09/2021 11:28

Páxina 1 de 1

Expediente 36954/220

CSV: 2A86AA-A225BD-E94E5D-13DMG8-7EWMT9-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>